

## Ler desbloquea un superpoder

Esta é a historia que lle aconteceu a unha nena de 10 anos, chamaíbase Marta, era moi especial e cun carácter moi tímido, polo que lle costaba moito facer amigos.

Vivía ás aforas dunha gran cidade costeira cos seus pais dende fai poucos meses porque acababan de mudarse.

Marta paseaba cada tarde pola praia que estaba preto da súa casa. Aquela tarde facía un sol radiante, animouse a baixar a pasear descalza pola area. Non levaba cinco minutos camiñando cando viu semienterrado o que parecía un vello libro. Colleuno e foi a súa casa, atraída pola curiosidade comezou a lelo. A medida que avanzaba na lectura sentía cóxegas que recorrían o seu corpo de pés a cabeza.

Foi entón cando a súa nai avisouna para que fora a mercar unhas cousas á tenda da esquina. Marta saiu á rúa cunha bolsa na man e foi a cruzar o paso de peóns, cando un gran camión cun conductor despistado foise contra ela. O seu instinto fixo que estirara o brazo e parou o camión cunha forza que non coñecía. Foi entón cando se decatou que tiña un superpoder e que este tiña que ver

con aquel libro que atopara.

Fixo o recado e voltou a casa confundida. Ao sentarse no seu escritorio veu outro libro que antes non estaba alí e puxose a lelo con interese. Alí estaban as cóxegas de novo. A lectura proporcionáballe algo que non era normal... Saiu de novo á rúa e decatouse de que se estaba elevando, podía voar!

Puxose a pensar: o primeiro libro doulle superforza, o segundo o poder de voar, que máis podería pasar?

Ao día seguinte estaba aburrída e foi ao faiado a buscar un vello xogo para pasar o día. Remexendo nas vellos arcas cheas de pó, atopou un misterioso libro. Sentada baixo a luz da venta, rematou o terceiro libro con impaciencia. Esta vez non ocorreu nada, ou iso parecía. O que non sabía Marta é que podía volverse invisible, algo do que se decatou cando se mirou ao espello da súa habitación.

Dedicou todos os días a usar esos poderes para facer o ben e axudar aos seus veciños, amigos ou incluso descoñecidos, e tamén para deixar claro a súa mensaxe:

Ler libros lle deu superpoderes, e que llelos pode dar a calquera no fondo da súa mente; porque os libros son iso: imaxinación e sabiduría.